

A Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 23 de febreiro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Proposicións non de lei

- 1.1 8638 (10/PNC-000910)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, no referido á prohibición das plantacións silvícolas en terreo agrícola
Publicación do acordo, BOPG n.º 112, do 10.05.2017
- 1.2 20499 (10/PNC-001668)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co acceso dos gandeiros afectados polos incendios forestais ás axudas da política agrícola común
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 219, do 29.11.2017
- 1.3 21007 (10/PNC-001718)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a posta en marcha no ano 2018 dun plan de choque para o control da poboación da avespa velutina, a posta en funcionamento, de xeito efectivo, da comisión de seguimento e a apertura de liñas de investigación ao respecto, así como a apertura dunha liña de axudas específica para paliar as perdas sufridas polos apicultores
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 222, do 04.12.2017
- 1.4 22755 (10/PNC-001825)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos requisitos exixidos para o acceso das organizacións profesionais agrarias ás subvencións convocadas na Orde do 29 de novembro de 2017, da Consellería do Medio Rural, para actividades de interese agrario
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 241, do 17.01.2018

- 1.5 23394 (10/PNC-001863)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación
coa situación en que se atopan o sector lácteo de Galicia, a forestación e o
abandono de terras agrarias, así como as funcións e oportunidades que
ofrece o Bantegal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018
- 1.6 25357 (10/PNC-001965)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre o adianto polo Goberno galego do pagamento das axudas da PAC e o
seu libramento na primeira data posible
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 260, do 14.02.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

Moisés Blanco Paradelo
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Moisés Blanco Paradelo na data 20/02/2018 10:01:32